



REGULAMENTO CONTROL 5000m 03/02/2019

ORGANIZACIÓN

A organización técnica e execución da competición **AMIGABLE** correspóndelle á Comisión Técnica da F.G.P.

PATROCINIO

O patrocinio correspóndelle á Federación Galega de piragüismo.

LUGAR, DATA E HORA

Data	Competición	Grupo	Lugar	Hora saída
03/02/2019'	CONTROL DE 5000m	Amigable	Verducido	9:30

EQUIPO ARBITRAL E COMITÉ DE COMPETICION

O Equipo arbitral e o Comité de Competición, serán os /as que designe a Comisión Técnica.

PARTICIPACIÓN

Será para todos os deportistas de clubs galegos, que estean en posesión da **licenza federativa actualizada para a tempada 2019**.

INSCRICIÓN

Cada club poderá inscribir o número de deportistas que desexe, por modalidades e categorías, sempre e cando estean mutualizados no 2019.

As inscricións formalizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Piragüismo.

A data límite para inscricións será o mércores día 30 de xaneiro.

CONFIRMACIONES DAS INSCRICIÓN

A confirmación realizarase o día da competición entre as 8:30 e as 9:00 da mañá na oficina da FEGAPI .

Celebrarase unha reunión de delegados as 9:00 para explicar percorridos e pormenores da proba.

SANCIÓN POR BAIXA

Ao ser unha proba de carácter amigable non se aplicará a normativa de altas e baixas.

CATEGORÍAS E EMBARCACIÓNS

MODALIDADE	SEXO	CATEGORÍAS
K-1 e C-1	Homes e mulleres	Cadete, Júnior, Sénior e Veterano

Lémbrese que as embarcacións participantes deben cumprir as condicións recollidas nos regulamentos referidas a flotabilidade (cortiza de 3 cm. de grosor, 17 cm. de alto e 60 cm. de longo), peso e medidas.

CLASIFICACIÓN

Ao ser unha proba de carácter amigable, só realizarase a clasificación por categorías e modalidades.

A clasificación definitiva será publicada na web da FEGAPI

HORARIO DE SAIDAS, DISTANCIAS E DISTRIBUCIÓN DO PERCORRIDO

Saída.

A saída realizarase a partir das **09:30 h**, da forma seguinte:

09:30 Canoa home cadete

09:33 Muller Canoa, sénior, júnior e cadete

10:15 Kaiak muller cadete

10:55 Kaiak home cadete

11:35 Kaiak muller, veterana, sénior e júnior

12:15 Canoa home, veterano, sénior e júnior

12:55 Kaiak home júnior

13:30 Kaiak home veterano

14:05 Kaiak home sénior

Distancias.

A distancia total da proba será de **5 km** nun percorrido de **unha volta sobre 1000 m e duas voltas** sobre 750 m.

INFORMACIÓN ADICIONAL DA PROBA

- As ciabogas serán no sentido contrario das agullas do reloxo.

REGULAMENTACIÓN

A competición rexerese polo seu propio regulamento.

TROFEOS E MEDALLAS

Non haberá trofeos nin medallas.

RECLAMACIÓNS

Toda reclamación sobre o desenvolvemento desta proba amigable, será presentada ao comité organizador tras finalizar a competición.

OUTRAS NORMAS

A Federación e os organizadores non se farán responsables dos danos que se poideran causar ás embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transcurso da competición como no transporte á mesma.

Lémbrese a obriga de usar sistemas de flotabilidade para todas as embarcacións. **A falta destas prohibirá o acceso á auga.**

E OBRIGATORIO O USO DO CHALECO SALVAVIDAS PARA TODOS OS DEPORTISTAS DAS CATEGORÍAS CADETE E JÚNIOR

AQUEL DEPORTISTA QUE SEXA DE CATEGORÍA JÚNIOR E COMPITA COMO SÉNIOR DEBERÁ OBRIGATORIAMENTE USAR O CHALECO SALVAVIDAS.

Así mesmo aconséllase o uso do chaleco para todas as demais categorías e modalidades

INFORMACIÓN

Para mais información desta proba, poderán dirixirse á Federación Galega de Piragüismo (C/ Gavian s/n Verducido, 36151 Pontevedra), Tfnos de contacto : 986842106 , fax 986851108, e-mail : kayak-canoa@fegapi.org e na páxina web www.fegapi.org

Pontevedra, 20 de xaneiro de 2019

Vº Bº
PRESIDENTE

O SECRETARIO

